


A PEDRA EN GALICIA



A pedra en Galicia é arte, e as persoas que a traballan, os Canteiros, convértenas en verdadeira artesanía popular.

A pedra galega ten moitas variedades dependendo da súa dureza, cor, tamaño do gran, composición, . . . , onde os canteiros poden escolle-la que máis se axeite ó traballo a realizar.

Tódalas etapas artísticas da historia de Galicia a traveso do tempo, tiveron na pedra a súa principal materia prima, elemento que souberon traballar e modelar dun xeito único que fixo de Galicia a Capital da Arte en Pedra.

Os numerosos achádeos arqueolóxicos de épocas paleolíticas, demostran o uso da pedra, en especial, para a fabricación de utensilios de defensa e caza.

Posteriormente van servir coma documentos, Petroglifos, onde nos deixarían as súas vivencias, formas de vida, escenas de caza, supersticións, . . .

A etapa castrexa débemola considerar, pola cantidade de construcións e fermosas pezas que chegaron ata os nosos días, como a expresión artística de utilización da pedra máis antiga de Galicia.

Pero vai ser no Románico e no Barroco cando a arte do traballo en pedra vai ter o seu maior esplendor. Durante os séculos XI, XII e XIII xurdirá a maior escola de cantería, na cidade de Santiago e coa Catedral coma modelo, onde traballaron os mellores mestres.

Durante a época Barroca, da que din: " Constituíu o período de máxima expresión popular e artística, onde a alma e a terra galega, con tódalas súas intimidades e volumes, foron trasladados á pedra."; chega ó seu apoxeo coa fachada do Obradoiro.

No Renacemento alcanzou grande esplendor cos mosteiros, xunto con bo número de igrexas rurais.

A pedra ten unha fonda importancia nas edificacións adxectivas, coma nos piornos, alpendres, pombais, muros, . . . , e vai cumprir un destacado papel na etnografía popular galega que fala da existencia dun " Culto ás Pedras "; exemplos temos dabondo nos innumerables e fermosos cruceiros que poboan os adros, encrucilladas e corredoiras.

Nestes intres a pedra segue a

se-lo material máis empregado en construción no medio rural, estase a valora-lo oficio por medio das Escolas de Canteiros e nomes coma Xoan Piñeiro, Alfonso Vilar, Camilo Nogueira, Conde, Buciños, . . . , teñen un posto ben merecido dentro da Escultura en Pedra en Galicia.

A Pedra e o seu traballo forman parte da alma galega.



Pol. Ind. do Salnés, parcela Nº 1
36636 Ribadumia - PONTEVEDRA

Teléf.: 986 710 950
Fax: 986 710 949